

**Att. : Vicerreitora de Oferta Académica e Innovación Docente da UDC**

**Vicerreitora de Titulacións da USC**

**Vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado da UVigo**

**Asunto:** *informe da comisión interuniversitaria de Facultades que imparten o Grao en Química no S.U.G., en relación coa solicitude de aclaracións recibida da Secretaría Xeral de Universidades (SXU) acerca do “Acordo de recoñecementos académicos entre a Facultade de Ciencias (UDC), Facultade de Química (USC) e Facultade de Química (UVigo), para os programas de estudos de Grao en Química”.*

Có ánimo de por de manifesto o amplísimo nivel de recoñecemento mutuo entre os Graos en Química pola UDC, pola USC e pola UVigo, os equipos decanales das tres Facultades deseñamos un sistema de recoñecemento mutuo, tendo en conta que, segundo a lexislación española, e tamén de acordo con outros importantes referentes, coma a etiqueta “*Eurobachelor in Chemistry*” da *European Chemistry Thematic Network*, o recoñecemento realízase exclusivamente por créditos e competencias. A premisa neste modelo sería a dun recoñecemento “total” do superado, dentro dos límites razoables que marquen as diferenzas de número de créditos por disciplina entre universidades. Esta premisa responde ao convencemento de que as competencias impartidas son razoablemente as mesmas, xa que todos os Graos en Química que se imparten en España toman como base e referente o “*Libro Blanco del Grado en Química*”, elaborado pola *Conferencia Española de Decanos de Química*.

Tendo en conta o anterior, plantéxase un cadro de recoñecementos “por bloques”, segundo as seguintes premisas:

- Se un alumno se traslada entre universidades cun bloque completo, este recoñeceríase na súa integridade na outra universidade. No caso de trasladarse sen ter o bloque completo, a comisión que teña delegada a competencia para realizar recoñecementos en cada unha das Xuntas de Facultade sería a responsable de decidir que disciplinas serían as que se recoñecesen.
- Todos os créditos de formación básica e obrigatorios se consideran recoñecibles. No caso de existiren disciplinas sen equivalencia clara noutro centro, recoñeceríanse por créditos optativos, até o máximo dos mesmos para cada plano de estudos.

Na elaboración destas táboas de recoñecementos, tivéronse en conta:

- a correlación entre contidos das materias,
- a adquisición de competencias ligadas as materias,
- o número de créditos das distintas materias.

Na táboa de recoñecementos establécense tres grupos de materias e recoñecementos en función das súas características:

**1. Materias de formación básica:** neste grupo inclúense as materias de formación básica da rama de coñecemento de ciencias experimentais. Para este grupo de materias, o número de créditos superados na universidade de orixe será recoñecido polo mesmo número de créditos de formación básica na universidade de destino.

**2. Materias que conforman o núcleo principal de coñecemento do Grao en Química:** neste grupo inclúense as materias das áreas de Química Analítica, Química Física, Química Inorgánica e Química Orgánica que se imparten nas tres universidades do S.U.G. Para este grupo establécense dúas posibilidades:

*2.a) Recoñecemento por áreas:* Cando todas as materias dunha área teñan sido superadas na universidade de orixe, recoñeceranse por todas as da área correspondente na universidade de destino.

*2.b) Recoñecemento por materias:* Se non se tiveran superado todas as materias dunha área, recoñecerase o mesmo número de créditos superados na universidade de orixe na correspondente área da universidade de destino.

Se, debido ás diferenzas no número de créditos das materias quedasen créditos superados na universidade de orixe sen recoñecer, se poderían realizar recoñecementos adicionais por créditos de materias optativas ou de formación complementaria. As comisións delegadas das Xuntas de Facultade que teñan competencia en materia de recoñecementos na universidade de destino establecerán ditos recoñecementos adicionais, valorando as competencias acadadas na universidade de orixe, procurando minimizar o número de créditos que queden sen recoñecer.

**3. Materias de formación complementaria:** neste grupo inclúense as materias de carácter complementario á formación do Grao en Química, tales como Bioquímica, Enxeñaría Química, Ciencia de Materiais, etc.), así como as materias optativas. Dentro deste grupo de materias, o número de créditos superados na universidade de orixe se recoñecerá polo mesmo número de créditos na universidade de destino. As comisións delegadas das Xuntas de Facultade que teñan competencia en materia de recoñecementos na universidade de destino establecerán ditos recoñecementos adicionais, valorando as competencias acadadas na universidade de orixe, procurando minimizar o número de créditos que queden sen recoñecer.

**4. Materias de carácter optativo:** neste grupo inclúense as materias de carácter optativo dos planos de estudo dos tres Graos en Química do S.U.G. Dentro deste grupo de materias, o número de créditos superados na universidade de orixe se poderá recoñecer polo mesmo número de créditos na universidade de destino, a xuízo das comisións delegadas das Xuntas de Facultade que teñan competencia en materia de recoñecementos na universidade de destino.

En A Coruña, a 26 de abril de 2019.

Moisés Canle López

Pilar Bermejo Barrera

Ignacio Pérez Juste

Decano

Decana

Decano

Facultade de Ciencias

Facultade de Química

Facultade de Química

Universidade da Coruña

Universidade de Santiago

Universidade de Vigo

SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA - GRAO EN QUÍMICA - TÁBOA DE RECOÑECEMENTOS

\* MATERIAS DE FORMACIÓN BÁSICA

Grao en Química (UDC)		
Asignatura	ECTS	Curso
Biología	6	1
Geoloxía	6	1
Física 1	6	1
Física 2	6	1
Matemáticas 1	6	1
Matemáticas 2	6	1
Química Xeral 1	6	1
Química Xeral 2	6	1
Química Xeral 3	6	1
Laboratorio de Química 1	6	1

Grao en Química (USC)		
Asignatura	ECTS	Curso
Biología	6	1
Estatística Aplicada e Informática para Químicos	6	1
Física I	6	1
Física II	6	1
Matemáticas I	6	1
Matemáticas II	6	1
Química Xeral I	6	1
Química Xeral II	6	1
Química Xeral III	6	1
Química Xeral IV	6	1

Grao en Química (Uvigo - 2009)		
Asignatura	ECTS	Curso
Biología: Biología	6	1
Geología: Geología	6	1
Física: Física I	6	1
Física: Física II	6	1
Matemáticas: Matemáticas I	6	1
Matemáticas: Matemáticas II	6	1
Química: Química I	6	1
Química: Química II	6	1
Química, Física e Biología: Laboratorio Integrado I	6	1
Química, Física e Geología: Laboratorio Integrado II	6	1

Grao en Química (Uvigo - 2019) <i>(Pendiente de Verificación-ACSUGI)</i>		
Asignatura	ECTS	Curso
Biología: Biología	6	1
Geología: Geología	6	1
Física: Física I	6	1
Física: Física II	6	1
Matemáticas: Matemáticas I	6	1
Matemáticas: Matemáticas II	6	1
Química: Química I	6	1
Química: Química II	6	1
Química: Laboratorio de Química I	6	1
Química: Laboratorio de Química II	6	1

\* MATERIAS DE FORMACIÓN FUNDAMENTAL EN QUÍMICA

- ÁREA/BLOQUE QUÍMICA ANALÍTICA

Química Analítica 1	6	2
Química Analítica 2	6	2
Química Analítica Instrumental 1	6	3
Química Analítica Instrumental 2	6	3
Química Analítica Avanzada y Quimiometría	6	4

Química Analítica I	6	2
Química Analítica II	6	2
Química Analítica III	6	3
Química Analítica IV	6	3
Química Analítica V	4.5	4

Química Analítica I	9	2
Química Analítica II	9	3
Química Analítica III	6	3
Materia optativa	6	4

Química Analítica I: Principios de Química Analítica	6	2
Química Analítica II: Métodos ópticos de análisis	6	2
Química Analítica III: Métodos Electroanalíticos y Separaciones	6	3
Química Analítica IV: Métodos cromatográficos y afeines	6	3
Materia optativa	6	4

- ÁREA/BLOQUE QUÍMICA FÍSICA

Química Física 1	6	2
Química Física 2	6	2
Química Física 3	6	3
Química Física Avanzada	6	4
Experimentación en Química Física	6	3

Química Física I	6	2
Química Física II	6	3
Química Física III	6	2
Química Física IV	6	2
Química Física V	6	3

Física III	6	2
Química Física I	6	2
Química Física II	9	2
Química Física III	9	3

Química Física I: Termodinámica Química	6	2
Química Física II: Superficies y Coloides	6	2
Química Física IV: Estructura Molecular y Espectroscopia	6	3
Química Física III: Química Cuántica	6	3
Química Física V: Cinética Química	6	3

- ÁREA/BLOQUE QUÍMICA INORGÁNICA

Química Inorgánica 1	6	2
Química Inorgánica 2	6	2
Química Inorgánica 3	6	2
Química Inorgánica 4	6	3
Química Inorgánica Avanzada	6	4

Química Inorgánica I	6	2
Química Inorgánica II	6	2
Química Inorgánica III	6	2
Química Inorgánica IV	6	3
Química Inorgánica V	4.5	4

Química Inorgánica I	9	2
Química Inorgánica II	6	3
Química Inorgánica III	9	4
Materia optativa	6	4

Química Inorgánica I	6	2
Química Inorgánica II	6	2
Química Inorgánica III: Química de Coordinación	6	3
Química Inorgánica IV: Metales de transición y Estado Sólido	6	3
Materia optativa	6	4

- ÁREA/BLOQUE QUÍMICA ORGÁNICA

Química Orgánica 1	6	2
Química Orgánica 2	6	2
Ampliación de Química Orgánica	6	3
Experimentación en Química Orgánica	6	3
Química Orgánica Avanzada	6	4

Química Orgánica I	6	2
Química Orgánica II	6	2
Química Orgánica III	6	3
Química Orgánica IV	4.5	3
Química Orgánica V	6	4

Química Orgánica I	9	2
Química Orgánica II	6	3
Química Orgánica III	9	4
Materia optativa	6	4

Química Orgánica I	6	2
Química Orgánica II	6	2
Química Orgánica III: Reacciones concertadas, radicalarias y fotoquímicas	6	3
Química Orgánica IV: Diseño de la síntesis orgánica	6	3
Materia optativa	6	4

\* MATERIAS DE FORMACIÓN COMPLEMENTARIA

Laboratorio de Química 2	6	2
Química, Información y Sociedad	6	2
Bioquímica y Química Biológica	6	4
Ingeniería Química	6	4
Diseño, Redacción y Gestión de Proyectos en Química	6	4
Ciencia de materiales	6	4
Materia optativa	4.5	4

Materia optativa	6	4
Materia optativa	6	4
Análise Estructural	4.5	3
Bioquímica	6	4
Ingeniería Química	6	4
Proyecto	6	4
Ciencia de materiales I	4.5	4
Ciencia de materiales I	4.5	4

Métodos Numéricos	6	2
Herramientas Informáticas	6	2
Determinación Estructural	6	3
Química Biológica	9	3
Ingeniería Química	9	3
Proyecto	6	4
Química de Materiales	6	4

Materia optativa	6	4
Materia optativa	6	4
Determinación Estructural	6	2
Bioquímica	6	2
Ingeniería Química	6	3
Proyecto	6	4
Química de Materiales	6	4